



Exercicios con solución de os axentes e os sistemas económicos

1. - Sinala que tipo de axentes económicos son os seguintes:

- a) O Concello de Lugo.
- b) Factoría SEAT.
- c) Banco Pastor.
- d) Fenosa.
- f) ONG Médicos sen fronteiras.
- g) Unha estudante de económicas.
- h) Consellaría de medio ambiente.

2.- En que se diferencian a intervención do Estado nos sistemas de economía de mercado e de economía mixta?

3. - Comenta as vantaxes e desvantaxes que ten cada un dos seguintes sistemas: de *economía de mercado*, de *planificación central* e de *economía mixta*.

4.- No sistema capitalista quen é o que indica que, como, e para quen producir?

5.- Pescuda cantas administracións públicas teñen competencias sobre o municipio no que se atopa o teu centro educativo.

6.- Explica as diferenzas existentes entre os pagos que se dan no mercado de bens e servizos, os que se realizan no mercado de factores de produción e os que se efectúan co Estado.

Solución dos exercicios de os axentes e os sistemas económicos

1. - Sinala que tipo de axentes económicos son os seguintes:

- a) O Concello de Lugo. - Sector público
- b) Factoría SEAT. - Empresa
- c) Banco Pastor. - Empresa
- d) Fenosa. - Empresa
- f) ONG Médicos sen fronteiras. - Economías domésticas
- g) Unha estudante de económicas. - Economías domésticas
- h) Consellería de medio ambiente . - Sector público

2.- En que se diferencian a intervención do Estado nos sistemas de economía de mercado e de economía mixta?.

Na economía de mercado a intervención do Estado é mínima, mentres que na economía mixta o sector público intervén para corrixir os desaxustes do mercado.

3. - Comenta as vantaxes e desvantaxes que ten cada un dos seguintes sistemas: de *economía de mercado*, de *planificación central* e de *economía mixta*.

Resposta libre, podes utilizar o cadro que aparece no documento.

4.- No sistema capitalista quen é o que indica que, como, e para quen producir?

No sistema capitalista son as empresas e as familias por medio do mercado os que deciden que, como, e para quen producir.

5.- Pescuda cantas administracións públicas teñen competencias sobre o municipio no que se atopa o teu centro educativo.

Partindo da administración máis grande á máis pequena, temos a Unión Europea; despois, o sector público nacional; a continuación, o goberno autónomo; despois, a deputación; e, logo, as corporacións locais ou Concellos.

Pode ser que entre a deputación e o Concello (ou corporación local) exista outra categoría intermedia, como un consello metropolitano, ou unha comarca, ou unha mancomunidade . Para rematar, poden existir outros organismos menores que o municipio, como unha xunta municipal ou unha pedanía, que habería que sumar a todos os anteriores.

6.- Explica as diferenzas existentes entre os pagos que se dan no mercado de bens e servizos, os que se realizan no mercado de factores de produción e os que se efectúan co Estado.

A principal diferenza existente é que, mentres que no mercado de factores e no de bens



e servizos os prezos fíxanse polo libre xogo da oferta e a demanda, o Estado determina os seus impostos dun xeito fixo.

Ademais, nos dous primeiros, un pode comprar e vender si o desexa, mentres que, no último, o pago de impostos é obrigatorio. Outra diferenza é que, mentres nos dous primeiros existe unha relación directa entre o prezo que se paga e o ben, servizo ou factor que se recibe, no último, os pagos de impostos non teñen por que gardar relación cos bens, servizos, transferencias, etc., que se reciben do sector público.